

FAI O QUE DEBAS

Spike Lee, 1989

1582

ESTREA EN NUMAX: 27.08.2025 | V.O.S.E. | 110 min

Nun dos barrios máis humildes de Brooklyn viven persoas afroamericanas, coreanas, hispanas e unha familia italoamericana que rexenta unha pizzería. Mookie traballa de repartidor e coñece ben o barrio, sendo testemuña das tensións e o racismo que agroma aos poucos no vecindario. Título de culto no que Spike Lee ofrece un retrato das tensións raciais na sociedade americana, tan divertido como dialéctico, tan fermoso como brutal.

«A ardente obra Spike Lee é, en esencia, unha disquisición sobre a humanidade en toda a súa variedade e perversidade. Retrata a vida da xente precaria e habitualmente condenada pero sempre cun sentido do equilibrio. Obra mestra»

Vinson Cunningham, CRITERION

Mércores 27 de agosto ás 21:30h. A proxección, incluída nas actividades do Festival C, celebrarase ao aire libre na parte final da rúa Concepción Arenal. Acceso libre até completar aforo. Organizan Concello de Santiago e Deputación da Coruña.



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



Tensión racial e violencia policial nun caloroso verán dos 80

Por Ignasi Franch

No verán de 1989, chegou ás carteleiras *Fai o que debas*, se cadra o mellor filme de Spike Lee até a data, quizais o seu mellor filme de sempre. No mundo real, achegábanse as eleccións á alcaldía de Nova York (gañaría por primeira e única vez un candidato afroamericano, pero, spoiler, iso tampouco suporía a fin do racismo). Aínda que Lee e o seu director de fotografía habitual (Ernest Dickerson) mostrasen ambicións estéticas na súa aposta expresionista polas cores cálidas e por evidenciar os momentos de tensión a través da narrativa visual, *Fai o que debas* parece sobre todo unha obra de guión, de personaxes que contan coas súas palabras, cos seus actos e, ás veces, pola súa aparencia. O seu elenco resulta peculiar, aínda que Lee tentase fuxir dalgúns tópicos e tamén responder ao “pintoresquismo” do cinema *blaxploitation* poboado por personaxes extremos até a caricatura.

Fai o que debas é unha comedia dramática que ás veces parece un conto, pero un conto para adultos. O resultado podía ser controvertido, pero nalgúns puntos non estaba tan lonxe daquel Hollywood clásico de autores como Frank Capra, con ecos no Hollywood *spielbergrián*, que nos mostraba comunidades que eran entrañables micromundos de persoas que podían sufrir problemas pero que eran fundamentalmente boas, que estaban destinadas a superar as dificultades e a mirar o futuro con optimismo. A veciñanza de Bedford-Stuyvesant, daquela un gueto e hoxe un espazo xentificado, era un lugar asolado pola pobreza, a desidia, os discursos racistas e unha violencia comunicativa case omnipresente. E, con todo, Lee non quixo ofrecer un drama tremendista: ofrécenos un percorrido cos seus mozos máis ou menos simpáticos (aínda que vagos), os seus maiores benintencionados (aínda que alcólicos) e os seus espazos de reunión (aínda que rematen incendiados).

En realidade, o que destaca da proposta é que expón unha realidade adversativa. O gueto é un espazo duro pero bonito, violento pero con treguas na procura de entendemento. En *Fai o que debas*, a realidade non ten unha cara, nin tampouco dúas, senón unha sucesión de contradicións que podería alongarse até o infinito. Se Hollywood adóitanos expoñer a unha narrativa tranquilizadora que retrata problemas que se complican até resolverse no fin, Lee sabotea esa lóxica: o clímax da película pasa precisamente polo feito de que os problemas non se solucionan. En cambio, hai unha cousa que si pode suceder cos problemas: que estoupen de golpe.

Para o final da película, Lee inspirouse na historia real dunha agresión racista que terminou cun mozo negro morto. “Howard Beach”, berraban os personaxes da película en pleno estoupido violento. Lee volve incomodar cunha escena de brutalidade policial con consecuencias letais. E as rúas arden. Uns cantos cidadáns liberan a súa rabia de maneira puntual. Lee mostra un estalido popular que apenas ten consecuencias físicas (non hai mortos, non hai feridos), aínda que si terá efectos psicolóxicos e relacionais. A única violencia que perdurará intensamente será o homicidio cometido pola policía.

As rúas arden, si, os problemas estoupan de golpe, tamén, pero tras o estalido poden emerxer momentos que abren a posibilidade dun precario entendemento que terá lugar noutro momento. Trinta anos despois, aínda sobrevive a mesma esperanza.